Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Cova dos Mouros de Toba (Cee)



Días atrás o dixital *QuepasanaCosta* publicou na súa sección «Recunchos da Costa» un artigo sobre **a Cova dos Mouros**, ubicada na parroquia de Toba, no concello de Cee, que me fixo retornar ao terriorio da infancia, pois visitei este espazo en diferentes camiñadas polo monte d'O Son e con diferentes cans que tiven neses anos (Cusqui, July, Trotski ou Trece, non lles puxen eu ningún dos nomes) ou na compaña de meu irmán máis novo, o escritor Rafa Vilar,

e dalgúns amigos e viciños da nosa idade no lugar d'A Granxa onde estaba daquela a casa familiar da miña nai.

No texto, que se pode ler nesta ligazón e que reproduzo máis abaixo, descríbese moi ben a súa ubicación e cóntase a súa historia, con feitos que podo testemuñar, como cando se di «hai anos que os cativos da zona a usaban para cazar morcegos pola súa abundancia pero na actualidade está baldeira».

-Rememorando un espazo da infancia: a Cova dos Mouros, Toba-Cee (As Crebas: bitácora de miro villar en blogaliza.org) (… seguir lendo)

[Información facilitada por Miro Villar. Abril de 2015]